

LOIS PEREIRO

Anxo Angueira
Universidade de Vigo

Resumo: a pesar das súas singularidades dentro da xeración dos 80, Lois Pereiro participa de estreitos vínculos con outros autores do sistema literario galego, especialmente Rosalía de Castro e Manoel Antonio.

Abstract: *in spite of his singularities inside of the 80's generation, Lois Pereiro maintains close ties with other authors of the Galician literary system, namely Rosalía de Castro and Manoel Antonio.*

Palabras chave: sistema literario, vangarda, testamento, límite.

Key words: literary system, vanguard, will, limit.

De veras estarrece a mesa á que hoxe nos sentamos. Chámanos a Academia Galega para celebrar, para lembrar, para estudarmos Lois Pereiro. O Día das Letras Galegas, esa extraordinaria conquista histórica do pobo galego, nada no corazón da noite de pedra do fascismo e da que ninguén nunca o vai poder arriar, e menos os hipercríticos falsos amigos que tódolos anos teñen algo que dicir e que fungar, xuntouse para asombro e espanto de todos, incluída a propia Academia Galega, coa figura dun escritor senlleiro ó que ninguén parecía poder imaxinar no centro do 17 de maio, no epicentro do ano cultural galego de 2011. Entrou na Academia, con toda a súa furia, o escritor considerado menos académico da literatura galega, a súa obra, o seu mundo, o seu tempo.

A presenza de Lois Pereiro entre nós, no mundo da cultura e da literatura, resultou e está resultando extraordinaria neste ano. A cantidade de páxinas e volumes editados, máis de trinta, arredor da súa figura; o conxunto de actos sincronizados en toda Galicia baixo o lema Vento Lois; os diversificados ámbitos da súa conmemoración (banda deseñada, música, graffitis, na rúa e na escola...); a penetración social da súa figura, especialmente no mundo xuvenil... todo está facendo que Lois Pereiro, un poeta de vida e obra non institucional, sexa levado pola institución autónoma galega máis antiga, a Real Academia Galega, á presenteira das nosas vidas e das nosas reflexións. E ese é o milagre. Este é o

milagre: que esteamos na Academia arredor de Lois Pereiro, un feito que Chus Pato, en texto de 1997, vaticinaba que non vería en vida. Pois, por sorte, claro é, velaquí o espectáculo.

Concordo con aqueles que lle atribúen a Lois Pereiro un carácter senlleiro, xa non só na súa xeración, o cal pareceu sempre moi claro: tamén en toda a historia da literatura galega. Pero este ano está tamén demostrando, fronte ós fetichistas da literatura que non dan entendido que unha Academia celebre Lois Pereiro (ignorán que nesta nosa Academia está Darío Xohán Cabana e está Manuel Rivas, como están Luz Pozo e Xohana Torres, ou como aínda están e viven Curros e Murguía), fronte ós hipercríticos con todo, que temen que a figura se manche ó rescatala, que o vigor da celebración na figura de Lois Pereiro foi, está sendo totalmente extraordinario. O pobo galego está facendo seu a Lois Pereiro, unha estrela descoñecida, de órbita singularmente estraña e “loira virxinidade”.

Interésame nesta exposición salientar precisamente como a falsa rede dos mapas celestes do sistema literario galego acolle estrelas únicas e descoñecidas como Lois Pereiro, como as reconece e as incorpora. Porque non está soa. É única pero non está soa. Está a trasmán, pero non está soa. Nubes e sombras que ren borrarla, pero ela resiste e sae e brilla. E non está soa.

Non falo de que o Día das Letras Galegas incorpore a figura do poeta monfortino a un repertorio máis ou menos santificado que medra ano a ano. Non. Falo de que, por exemplo, e mesmo en relación a esa nómina, un estudoso da súa biografía, Antón Lopo, nos dixese que Lois Pereiro é un poeta “popular”.

-Os bos poetas teñen sempre unha voz propia; é evidente que Lois Pereiro tamén a tiña, sobre todo porque non se deixou levar polas correntes canónicas ou as modas imperantes da homoxeneización. Pero creo que a súa gran referencia, respecto doutros autores da súa xeración, é que Pereiro foi eminentemente popular, en liña con Rosalía de Castro ou Celso Emilio Ferreiro. Trátase dun escritor popular contemporáneo e iso moi poucos souberon -e saben- logralo.

Popular coma Rosalía ou Celso Emilio (tócalle un testó!), popular contemporáneo, popular por rock e punk: “a voz, oíla. Iso (...) é o máis importante: oír a voz no medio do ruído”. Concordamos totalmente con Lopo. A voz, oíla. Os poemas, oílos. Oír Novoneyra, outro poeta do pobo. E é certo. Que poetas galegos teñen máis textos musicados? Rosalía, Curros, Celso Emilio e Lois Pereiro: Radio Océano, Manu Clavijo, Fanny & Alexander, Ondas Martenot, O Leo e Arremecághona... E esta é a lucidez moi pertinente de Antón:

Popular no sentido desa cultura popular contemporánea que fixo de Lou Reed, de Allen Ginsberg, de David Bowie ou do punk unhas iconas xeracionais e que agora inviste a Lois Pereiro no símbolo dunha época expulsada da

historia –a nosa propia historia– e recuperada polo efecto terapéutico –sanador, máxico– do 17 de maio, a verdadeira festa nacional de Galicia, a única que se celebra sen –significativas– desconfianzas partidistas, sen receos, sen pousos de autoodio: a Literatura engastando todas as pezas da identidade do país. O idioma na sintaxe auténtica da lingua.

Velaí Lois Pereiro con Rosalía e Celso Emilio en popular e 17 de maio.

Pero si, este planeta autónomo no cosmos literario (Miguel Anxo Fernán Vello), esta estrela descoñecida e senlleira repite o camiño de formación tantas e tantas veces percorrido pola literatura galega, desde a raíz, desde Sarmiento. Ninguén mellor que Ana Acuña podería aquí explicalo: Sarmiento, Rosalía e Murguía, Curros, Otero, os Brais Pinto... Lois Pereiro está aí, con seu irmán, con Manuel Rivas, con Antón Patiño..., prolongando un elo que converteu Madrid en referente, en espazo de formación e literario de primeira magnitude. E da *Galicia Literaria* capital Madrid de Añón e Vesteiro Torres, á pasaxeira *Loia* do tenrísimo Pereiro cen anos despois.

Claro, claro. Se repasamos as citas que encabezan ou entran nos seus poemas, atopamos un dato moi relevante: son todas de escritores non galegos (Maia-kovski, Mann, Joyce, Baudelaire, Pound, Ovidio, Carver, Valente, Valéry, Bousoño, Bataille, Bernhard, Valéry, Celan, Camões, Rilke, J.R. Jiménez, Sartre, *A Biblia*, Yeats, Shakespeare, Eliot...). E así nolo sitúa Xavier Seoane:

El non foi recibido no canto telúrico, cósmico e pánico dun Wordsworth ou dun Keats, nin nas disquisicións filosóficas e platónicas dun Shelley, dun Hölderlin ou dun Novalis. El máis ben participa da derrota viúva e inconsolada do príncipe de Aquitania na torre derruída, de Nerval, ou dos infernos rimbaudianos, ou das tebras de Trakl e dos expresionistas alemáns; do desconsolo ilimitado e insaciable de Celan ou, mesmo, das tensións tortuosas do singular narrador e poeta Thomas Bernhard.

Acaso entón Pereiro non atopa no seu sistema, no sistema literario galego, referentes para a súa propia escrita, para o seu repertorio, para a súa posición? Si, claro que si. Sabémolo.

Pereiro é un escritor único na súa xeración como Díaz Castro o puido ser na súa, un tridentino integrista, intenso e patriótico, que ve reeditado o seu “Un paso adiante e outro atrás Galiza” no “¿Que é Galicia? (guión televisivo)” do non menos patriótico Pereiro, intenso, insólito, invulgar.

E se Lois Pereiro se enfrenta á morte real e non retórica coa escrita, un poeta máis novo ca el acaba de caer dez anos antes no seu tamén duro e trágico combate: Eusebio Lorenzo Baleirón, 1985. Ben sei que son poéticas distintas, mundos distintos, enfermidades distintas. A de Lois Pereiro longa e de oscilacións estarrecentes, a de Eusebio breve, case fulminante. O monfortino convive coa

morte longo tempo; Eusebio presénte, iso si, pero mal pode encarala, apenas con tempo para empuñar algún poema, sabendo ó escribilo que será póstumo, e non unha obra enteira, coma Lois, que deu visto publicada e mesmo chegou a presentar nun acto cuxa gravación sonora é todo un fito e conservamos. Eusebio, non. Nas derradeiras gotas da clepsidra, mal pode imaxinar a supervivencia dos poemas e “este corpo de meu caendo grave / no fondo do seu ventre / incessante / como o gran no torrón caendo incerto” e deixarnos unhas últimas vontades íntimas e demoledoras: “non me vexan seus ollos agardar o final”, os ollos de Flavia, os ollos dunha picariña.

Lois Pereiro, pola súa parte, executa un testamento á altura da súa poética: grande, ousado popular. “Cuspídeme enriba cando pasedes / por diante do lugar onde eu repouse / enviándome unha húmida mensaxe / de vida e de furia necesaria.” Un testamento similar ó de Pondal (“Cando xazan do cisne os febreiros desposos”) en canto que comporta igualmente un epitafio. En realidade o epitafio non é o título, o epitafio é o cuspe (o desexo, a vida, a pulsión), coma no poema do bardo a voz do mariñeiro, o pobo, epitafio oral (“Alí xaz o que fora cantor do eido noso”): o recoñecemento. Se neste aspecto é pondaliano, as veciñanzas do fondo estético (cuspídeme e furia) aproxímano máis do “Testamento do ghebo” (ou do de Valle Inclán), conducíndonos por esa vía ás orixes, ó testamento clásico, ó contrasublime, canallesco e marxinal, ó testamento de Villon, ó seu epitafio en forma de balada.

Marxinal dixeran? Moito coidadiño. Lois non é un poeta marxinal en absoluto. O que pasa é que poetiza a vida, o que se vive, o real, onde tamén están as marxes. Dicía Manuel Rivas:

Lois andou pola beira salvaxe da vida e tivo o valor de marcar a navalla ese camiño como quen se adentra nun bosque sombrío e ignoto e deixa un sinal nas cortizas coa secreta esperanza dun retorno. E volveu. Volveu para non marchar endexamais. Se os seus poemas enfeitizan e curan é porque están nos lindes da linguaxe.

Deixamos dito aquí mesmo o ano pasado, a propósito de Uxío Novoneyra, que o poeta do Courel, como tantos outros fixeran antes, desde a Idade Media, se apropiara dun espazo que ó final era tamén unha marca, unha sinatura. Cremos que Lois Pereiro fixo o mesmo. Agora ben, o espazo de Pereiro non é unha terra, por moito que el amase o Incio, Monforte e a terra brava, telúrica de Fole (o de telúrica escribiuno el). O espazo de Lois é precisamente esa beira, ás veces a páxina par, esa marxe, ese límite, gume, o abismo adoito. Coma Rosalía ou coma Manoel Antonio, que teñen a Terra de Iria ou teñen o mar de dentro do mar, pero que sempre andan beireando o abismo, pondo proa a ningures, a barlovento dos horizontes, ou ó pego negro das Torres de Oeste. Non só Pereiro

nos deixa fumes ferroviarios, metálicos e cidadinos; unha nova cartografía literaria “contra o racismo estético e moral”: (“Putas dos meus días, co frío semellante ó meu pasada a noite, mulleres de sangue compartido, nas mesmas rúas, San Pauli, Papagaio, Saint Denis, Bar Tabac de Pigalle, Chueca e a Liberdade”). “Ladraban contra min que camiñaba”, diría a outra. Tamén nos deixa no poema para nós central da súa obra, “Alerta e vixiante”, o retrato desa viaxe ó límite, ó gume, ó abismo. Nela, “Fumes de Barakaldo Rentería Sestao” e os “trens da Deutsche Bahn tocando carne de San Pauli /Kreuzberg con fame de Kebab”. Si, pero tamén “con frías de dúas noites e dous días en mono de metal / Pena Moa Carqueixo o Vao en wáteres de dor entre ferruxe”. Agora xúntese esta xeografía e o repertorio de citas antes aludido: Maiakovski, Mann, Joyce, Baudelaire...

Efectivamente, como dicíamos, non hai na lírica de Pereiro, autor monolingüe en galego (“o galego é a miña paisaxe expresiva”), citas de autores galegos. Agora ben, tampouco ningún poeta galego, que saibamos, citou deste xeito estes lugares marxinais da xeografía de Galicia: Pena Moa, Carqueixo, o Vao, wáteres de dor. E, aínda así, hai unha xeografía que ata Pereiro coa poesía galega de toda a segunda metade do século XX, desde Celso Emilio, pasando por Méndez Ferrín, Manuel María ou o antes citado Uxío Novoneyra. Trátase da xeografía, da pulsión internacionalista de “Irmaos”, do “Sirventés pola destrución de Occitania”, do “Laio e cramor pola Bretaña” e do “Vietnam canto” ós que Lois se suma -respiro antieurocéntrico- co seu “Amor e sangue en Chiapas”. Agora “Todos somos Marcos! Todos EZLN, nas selvas Lacandonas do que nos foi prohibido!”. Cartografía social, cartografía literaria, cartografía política.

Pero volvamos ó gume, á beira, ó límite da morte. “Escóitame? Fuck off”. Pereiro cita o salmo (que é 17-5 e non o 114) seguramente sabendo que resulta moi similar ó que inspira a Meendiño: *Circumdederunt me fines mortis...* Cercáronme as ondas (que grandes son) de morte. E Lois, a voz de Lois, chéganos tamén, coma a da amiga da ermida de San Simón, da banda de alá da morte. Velaí estoutro abismo. Nada hai probabelmente na lírica de Pereiro tan orixinal da propia poética. O poeta, coma se fose un vizconde de Chateaubriand, parece por veces estarnos a escribir as súas propias memorias de ultratumba. De vivo e de morto! Porque Lois Pereiro tamén pon a todo poeta e a todo escritor no seu sitio. Pereiro non só escoita a voz políglota dos defuntos (todos estranxeiros), fala tamén con eles: “leite negro do abrente que bebemos bebemos bebemos ti e mais eu desde hai anos Celan”. Probabelmente non se trate ó dereito da poética da lectura, a mesma que desenvolve Quevedo no célebre soneto “Desde la Torre”:

Retirado en la paz de estos desiertos,
 con pocos, pero doctos libros juntos,
 vivo en conversación con los difuntos
 y escucho con mis ojos a los muertos.

E probabelmente teñamos que falar da poética da escritura, da escritura de quen afogou nas ondas, de quen vive xa na ultratumba, de quen lles escribe “ós meus mortos, xa tantos, tan queridos e insistentes na memoria”. Digo que pon a todo poeta e a todo escritor no seu sitio porque, desde esta óptica, toda voz literaria é unha voz morta. A amiga en San Simón, o meniño bretón que leron Cunqueiro, Robbe-Grillet e Amaury; a propia voz de Lois Pereiro lírico, e non só no epitafio, son voces mortas xa antes de morreren. E a voz do escritor e do poeta é tamén unha voz morta en canto que vive en diálogo con outras voces mortas: “...os atormentados ou felices pintores da Beleza e das tebras que cohabitaban comigo o meu cerebro, discutindo sen pausa dentro da miña alma...”. Voces ás que só os lectores, sempre póstumos, lles poden devolver a vida. Iso si, co cuspe e a furia necesaria. Velaí. A morte non como un estado físico, senón coma un estado literario; desde logo que para a lectura, pero tamén para a escritura. Vós sodes agora a miña voz, sodes quen escribides por min, quen me escribides e alentades, “coma o gran no terrón, caendo incerto”, que diría Eusebio. Aí estamos.

Mais se houbo órbitas senlleiras e únicas de astros que modelaron e modelan e iluminan o noso sistema literario, estrelas coas que a de Lois Pereiro se debe pór en relación, esas son as de Rosalía e Manoel Antonio. O exercicio practícouse neste ano mais a idea xa vén das primeiras reflexións feitas sobre o poeta monfortino: a de Manuel Rivas e a de Chus Pato, dous poetas da súa xeración e cuxas órbitas tampouco andan moi lonxe da de Pereiro. En concreto, e dun xeito gráfico e rotundo, Chus Pato en 1997, por beleza e por verdade, cualificaba a *Poesía última de amor e enfermidade* como unha obra insepultábel, característica que poucos poemarios da literatura galega podían ter e entre os que ela citaba o *Follas novas* e o *De catro a catro*.

Beleza, verdade e aínda máis. A posición no sistema destes tres autores, a día de hoxe, é realmente similar en canto que forzas de vangarda e revolucionarias que permanecen intactas, insepultábeis, si. Desde o meu punto de vista non é por casualidade que os tres atendesen a un aspecto fundamental neste sentido: os tres precisaron da intervención no sistema, da autodescrición metaestrutural (Lotman), da toma de posición (Bourdieu), do manifesto. E é un xénero cultivado con vigor polos tres. Cada un á súa maneira, desde a súa revolución, pero “A modesta proposición” de Lois Pereiro alimenta o político tanto ou máis có *Máis alá* de Manoel Antonio ou o prólogo a *Cantares gallegos* de Rosalía.

Pero si, tamén está a creación, a beleza e a verdade. Desde a miña opinión, os efectos de beleza e de verdade nos tres autores están conseguidos a partir dunha afouteza literaria pouco habitual, esa “vírica rebelión interna” da que fala Lois e é común ós tres. A forza desa tríade de obras insepultábeis (e dalgunha outra) está nos límites, nos abismos que procuran, como xa dixemos, pero tamén na revolución que crean e lles transmiten ós seus lectores, na conxunción orixinal e única do lírico do eu co lírico de todos (o épico), da alegoría individual do suxeito, coa alegoría comunal, comunal do ser humano e comunal da nación galega.

Con Manoel Antonio, o sistema literario galego ofrécelle a Lois un referente que el vindica de xeito expreso. A furia, a revolución, a iconoclastia, a vangarda. A potencia da poética da vida, da intensidade. Pero, por un lado, Pereiro, ademais, leva tamén á praxe poética unha revolta contra o repertorio literario do seu tempo e da súa xeración. Por outro, o seu diálogo interliterario (outra vez a poesía dos estranxeiros), cuxa factura aparentemente podía ser similar á practicada nos anos 80 e 90 polos seus colegas de xeración e outros, máis novos e máis vellos, vai moito máis alá da retórica e das prácticas propagandísticas do propio discurso que analiza no noso caso Antón Figueroa.

No repertorio tamén, pero sobre todo na verdade, na verdade da propia poética que fai verdade a cita e o diálogo políglota (outra vez a vangarda) feito de ti a ti, que fai verdade o outro, con autores de toda terra e tempo, clásicos e vangardistas *avant la lettre*, especializándose en Berlín, en Praga, en Viena, na noite que é *nacht* durante a demolición do imperio austrohúngaro, e cadrando nisto, como dixera un contemporáneo, con aquel *Lied ohne Wörthe* do rianxeiro.

Do “feríronme traidores” primeirísimo de *Loia* en “Alan’s Psychedelic Breakfast”, deica “a miña propia sombra” de “A través do colchón”, Pereiro vai deixando frangullas, explícitas ou espectrais, de Rosalía. Os vínculos entre o monfortino e a padronesa, aludidos ó longo deste ano (só aludidos, pero supoño que formulados e desenvolto neste congreso, polo menos por María do Cebreiro) tiñan que ver coa Rosalía máis lírica, coa de *Follas novas*, e atopaban a referencia máis clara no sangue común que flúe na escrita, entre os versos do “Silencio!” rosaliano e o “Narcisismo” de Pereiro. Eu tamén. Así e todo, creo que cómpre advertir igualmente outros aspectos interesantes. No poema de Rosalía están expresa e diafanamente retratadas as pulsións que define Freud, o *das Es*, o cabalo do amor e mais da morte: “inmortales deseios que atormentan” por un lado “e rencores que matan”, polo outro. Quer dicirse, o alimento vital (inmortal tamén o di Freud) do ser humano, a destrución e mailo amor, a pólvora e maila magnolia que Lois Pereiro amalgama na furia. O monfortino, pola súa banda, ademais do “Narcisismo” que nos levaría dereitos tamén a Freud e a Rosalía como

“estranxeiro na súa patria”, practica expresamente unha poética de pulsións, unha poética na que xogan o amor e maila morte cos seus poderosos exércitos, de falanxes ás veces intercambiables, e en múltiples escenarios. Agora ben, desde o meu punto de vista, especialmente na *Poesía última*, é o amor asociado á vida quen preside todo o canto. O libro está escrito coa forza, coa furia do amor. Neste intermedio, nesa paréntese antes de “regresar ó seu cadáver”, parábola da vida de todos nós, o poeta sábese dono da pulsión de amar e pervivir, “namorado outra vez do amor que levo dentro”, sabedor de que “A amizade protexe e o amor cura / u odio contaxia e fire / a indiferencia mata”. “Amarte, vida, amarte”, amar e desexar “coas balas do desexo”. O testamento de Lois, neste sentido, no epitafio, a “húmida mensaxe de vida e furia necesaria”, son o amor e o desexo. O esforzo de vivir, a vida, iso “que día a día todos nos esforzamos por salvar”, ou dito dun xeito extraordinariamente sintético pero vibrante na voz de Lois, na voz de cada un de nós: “e saber dunha vez o que era a vida / amar e ser amado”.

Coma Rosalía ou Manoel Antonio, Lois é un poeta verdadeiro: “A verdadeira poesía nunca minte, por ferinte que sexa”. E coma eles é un poeta insubmisio: “Pero algúns de nós non nos resignamos a agochar a cabeza, a esquecer o que vemos ou a calar: esa é a ruptura posible que aínda temos ao noso alcance, a sutil insumisión contra o estado das cousas”. No social, no político e no literario. Cando a propósito da literatura dos anos oitenta falaba Constantino Bértolo (1987) da “narrativa constitucional” (González-Millán, 1994, 179) aludía precisamente a un tipo de literatura que, vaiche boa!, non practicaba Lois Pereiro. Lois non foi nin é un poeta constitucional. Nin constitucional nin autonómico. E este último adxectivo non sei se llo escoitei a Daniel Salgado. No contexto do seu tempo e da súa xeración, Lois Pereiro non sucumbe a miraxes que pouco ou nada teñen que ver coa literatura, coa literatura “verdadeira”. El escribe ó límite, apostando por nós a carta máis alta, para mostrarnos o que temos e non damos visto, a parte viva do universo.

Enmallou? Lois non dá enmallado. O Día das Letras Galegas achegouno pero a falsa rede dos mapas celestes que o sistema literario é non ten GPS para un escritor libre. Lois Pereiro continúa na súa senlleira órbita, tan a trasmán, inesgotábel, co seu peculiar brillo esplendoroso para consolo dos que aínda podemos ler e tamén cuspir.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Bourdieu, Pierre (2004): *O campo literario*. Ames: Laivento.
- Figueroa, Antón (1996): *Lecturas alleas: sobre das relacións con outras literaturas*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- González Millán, Xoán (1994): *Literatura e sociedade en Galicia*. Vigo: Xerais.
- Lopo, Antón (2011): Entrevista de Lourdes Varela en suplemento “Faro da cultura”, en *Faro de Vigo*, 17 de maio.
- Lorenzo Baleirón, Eusebio (1966): *Gramática do silencio*. A Coruña: Espiral Maior.
- Lotman, Iuri (1996): *La semiosfera I. Semiótica de la cultura y del texto*. Madrid: Cátedra.
- Pato, Chus (1997): “A praia do corazón de Mandelstam”, *Dorna* 23, 131-134.
- Pereiro, Lois (2011): *Poesía completa*. Vigo: Xerais.
- Quevedo, Francisco (1998): *Desde la Torre*. Madrid: Fondo de Cultura Económica.
- Rivas, Manuel (1997): “Unha bomba envolta en flores”, *Luzes de Galiza* 28, 2.
- Seoane, Xavier (2011): “Lampexos contras as ruínas. Nos dominios da urxencia”, GAELT, *Que lle podo ofrecer a quen me intente*. Monográfico Lois Pereiro, Vigo: Xerais – Universidade de Vigo, 55-69.